

Unidade 10. Un constipado de xabaril

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Hai moitísimos anos Xosé, un dos fillos de Xacob, vivía en Exipto. Era un dos criados do faraón deste reino. Xosé tiña o don de interpretar os soños do seu señor o faraón.

Un día, o faraón soñou que había sete vacas gordas xunto ao río Nilo; despois viñeron sete vacas fracas e comeron ás vacas gordas. O faraón preguntoulle aos

mellores sabios, pero ningún soubo interpretar este soño. Un día, comentoullo a Xosé, o seu criado. Este, despois de pensalo, díxolle ao faraón: «As vacas gordas indican que virán sete anos de gran abundancia para Exipto. Pero a estes seguirán sete anos de fame, as vacas fracas. O reino deberá gardar alimentos da época de abundancia para o tempo de fame». O faraón así o fixo e librou ao seu pobo da fame.



1. Contesta.

• Quen era Xosé? _____

• Onde vivía? _____

• Que don tiña? _____

Unidade 10. Un constipado de xabaril

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

2. Colorea os verbos que indican accións que xa pasaron.

escribiu patinas rematei cambiaron
cantarán saltaches durmiron falas

3. Escribe catro cousas que fixeches onte.

4. Rodea e copia os verbos en pasado.


O pasado domingo Breogán foi co seu pai a pescar. Pola mañá cedo, prepararon unha mochila cuns bocadillos, despedíronse da nai e saíron cara ao porto. Alí pasaron toda a mañá. Pescaron dúas robalizas e algúns chinchos. Xa na casa, comeron o peixe asado. Estaba boísimo.

5. Escribe dúas oracións que teñan o verbo en pasado.

Unidade 10. Un constipado de xabaril

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

6. Escribe os nomes.



7. Une e escribe as palabras formadas.

coe_o _amón lente_a anto_o ro_o cai_a

x ||

8. Completa as oracións coas palabras.

pallaso

paxaro

traxe


tortilla

- O _____ ten un _____ na man.
- Manchei o _____ comendo a _____.

Unidade 10. Un constipado de xabril

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

9. Completa a táboa segundo o exemplo.



10. Completa coas palabras.

porto xurelos peixeira barco peixe lonxa pescador

Alberte é _____. Ten un _____ e sae con el todas as tardiñas a pescar pola ría. Acostuma pescar: robalizas, _____, sardiñas e algún que outro congro. Cando chega ao _____, no peirao, espera a súa muller para recoller o _____. Ela é _____. e véndeo na _____.

11. Contesta segundo o texto.

- A profesión de Alberte é _____.
- A profesión da súa muller é _____.

Unidade 10. Un constipado de xabaril

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

12. Elixe a noticia relacionada co titular.

Desaparece a estatua da Praza Maior

Está mañá ás nove os traballadores do Concello procederon a retirar a estatua da Praza Maior. A razón desta retirada foi para limpala e restaurar os danos que o paso do tempo foi deixando nela. Fontes do Concello aseguran que, nun prazo de quince días, a estatua volverá ao seu lugar na praza.

Esta mañá, os paseantes da Praza Maior observaron que a estatua que a adorna non estaba, só quedaba o pé. Os veciños preguntaron no Concello, pero este non sabía nada polo que foi avisada a policía que está investigando o caso.

13. Le o titular, responde as preguntas e escribe a noticia.

Descuberto tesouro nunha cova

- Onde está a cova? _____
- Cando atoparon a cova? _____
- Quen a atopou? _____
- Como atoparon o tesouro? _____
